



ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio



EMPRESA
Aberto o prazo
para presentar
candidaturas
á directiva de
Asetem **P3**

MELIDE
A Casa da
Cultura acollerá
unha Gala
Solidaria en
apoio ás
persoas
afectadas
de ELA **P11**

COMARCA
Ángeles López
presenta novo
libro **P21**

ENTREVISTA



Pilar Varela,
Librería
Victorio **P23**

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Año XX - Nº 243. Maio 2026. Distribución gratuíta

Melide quenta motores para a XXXIV Festa do Melindre e a repostaría tradicional

Melide prepárase para vivir unha das súas citas máis doces e recoñecidas: a XXXIV Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional, que encherá as rúas da vila os días 9 e 10 de maio. Os obradoiros do establecementos melindreiros xa se preparan para recibir aos visitantes e veciñanza que acudirán aos seus postos para mercar os ricos, amendoados e melindres.

Este ano a Festa tivo unha ampla promoción en diversos lugares da xeografía galega e fóra dela. **P12**



O Cross de Santiso festexa 40 anos o 30 de maio



O vindeiro 30 de maio, en Visantóna celebraranse os 40 anos do Cross de Santiso cunha edición récord, na que participaran unhas 1000 persoas de diversos puntos da xeografía galega. **P18**

O Lingua Folk: once anos sementando cultura



Falamos con Marina Corral (organizadora) para descubrir os detalles desta nova edición do Lingua Folk que terá lugar o sábado 16 de maio no souto de detrás da Aula da Natureza en Toques. **P19**



TOQUES 981 50 59 71
CTRA MELIDE-TOQUES KMB
L - V 7:00 a 14:00 15:30 a 18:30
SÁBADOS 10:30 a 13:30

MELIDE 661 26 02 96
N-547, 15800 Furelos, A Coruña
L - S 10:00 a 14:00 16:30 a 20:30

DEL 11 AL 16 DE MAYO

LIQUIDACION TOTAL EXPOSICIONES

EN TOQUES Y MELIDE

DESCUENTOS DE:



ALMOHADAS DE VISCO

19,90€

CANAPÉS

159€

COLCHONES

99€

CHAISELONGUE

499€

Tribuna de opinión

Isto é, simplemente, un agradecemento

A semana pasada lía no xornal Galiciaé un artigo escrito por Manuel Gago e dedicado a Xosé López García, por mor da súa xubilación.

Para quen non o coñeza Xosé López García é un deses mestres que deixan pegada na vida do seu alumnado, xornalista e profesor da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC dende principios dos 90.

Nesta nosa sociedade das présas, da escasa reflexión e da obsesión por ser produtivos, ou máis ben, parecer que o somos, López é unha especie en perigo de extinción. As súas clases transcorrían a outro ritmo, a paso sereno e sempre dende a humildade dalquel que non esquece de onde vén nin tampouco os seus principios.

Un profesional da comunicación que sempre lle adicaba o seu espazo e importancia ao xornalismo local, ese que nace e transcorre dende a terra, dende o próximo, ese que fai posible que existan o



Xosé López durante unha visita a unha universidade en Ecuador. / Foto: A.Suing

xornalismo nacional e internacional.

Comezar a clase dun 2 de febreiro facendo mención a que é o Día da Candeloria, xornada na que “casan os paxariños”, xa pode dar unha pequena pista que as clases de Xosé López non consistían, simplemente, en dar determinados conceptos teóricos sobre xornalismo.

Nas aulas, pero tamén na vida en xeral, canto importante é que atopemos persoas coma el. Profesionais que vaian máis alá

do superficial e do teórico, mestres que dean tamén o seu espazo a transmitir a nosa identidade, as nosas raíces, a importancia do pequeno e dos detalles (para os que, a miúdo, é fundamental adestrar a vista para velos).

Dicía o xornalista Ryszard Kapuscinski que “para ser buen periodista hay que ser buena persona”, e con esta frase podemos definir tamén a Xosé López.

Este é, simplemente, o agradecemento dunha antiga alumna.

Editorial

Embaixadores do melindre

Xunta Directiva de ASETEM - CCA



Parte do cartel desta edición da Festa do Melindre. / Foto: Concello de Melide

Dende Asetem queremos amosar o noso agradecemento ao Concello de Melide polo nomeamento como “embaixadores do melindre e a repostería tradicional da vila”, un recoñecemento que recibimos con orgullo, responsabilidade e moita emoción.

Os melindres, ricos e amendoados non son só uns doces, son memoria, identidade e tradición transmitida de xeración en xeración.

Desde a asociación entendemos este nomea-

mento non como unha distinción individual, senón como un recoñecemento colectivo a todo un sector que aposta polos produtos da terra, pola calidade e pola economía local. Somos consciente gran responsabilidade que implica ser “embaixadores”, dado que supón asumir o compromiso de divulgar e promover os doces tradicionais de Melide aló a onde vaiamos.

Como primeira acción de “embaixadores”, a primeira formación tivo como fío os nosos doces.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com

COLABORACIÓN: CC Xestión

AGRADECIMENTOS: Pilar López e Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84



ASOCIACIÓN DE
MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....11
- COMARCA.....17
- COLABORACIÓN.....10, 22
- CULTURA E LECER.....20
- ENTREVISTA.....23

Aberto o prazo para presentar candidaturas á xunta directiva da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide



Cristina Mato e José Ramón Villamor durante a última Asemblea Xeral, celebrada o pasado mes de xuño no Salón de Actos da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide. / Foto: Asetem

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide vén de abrir o prazo para a presentación de candidaturas á súa xunta directiva ata o 22 deste mes, de cara ao proceso electoral que terá lugar o 29 de maio.

Desde a entidade anímase ás persoas asociadas a participar activamente neste proceso, tanto pre-

sentando candidatura como senón de xeito individual presentándose como persoa dispoñible para algunha candidatura que puidera precisar de máis membros. Este proceso é clave para continuar fortalecendo o tecido empresarial e comercial da comarca.

As eleccións permitirán renovar ou reforzar os

órganos de representación, nun momento no que a asociación continúa a traballar na defensa dos intereses do sector, na dinamización económica e na colaboración con institucións e entidades do territorio.

Estas vindeiras eleccións son fundamentais, dado que diversos cargos da directiva actual decidiron

non volver presentarse por diversos motivos.

A asociación lembra que a implicación das socias e socios é fundamental para afrontar os retos presentes e futuros do empresariado da Terra de Melide e contribuír a unha entidade plural, participativa e representativa do conxunto do sector. Para iso, dende a directiva piden

que, na medida do posible, as socias e socios acudan á Asemblea xeral.

Nos vindeiros días daranse a coñecer máis detalles sobre o procedemento de presentación das candidaturas e a celebración da asemblea electoral, que marcará a folia de ruta da asociación para os próximos anos.

Plagostel.

SANIDAD AMBIENTAL Y SEGURIDAD ALIMENTARIA



TRATAMIENTO TÉRMICO PORTÁTIL
para tu ropa y maletas, etc.

PRECIO DE OFERTA **599€**

¿CHINCHES? ELIMÍNALAS TU MISMO

SOLUCIONES PROFESIONALES A TU ALCANCE


MÁXIMA EFICACIA


FÁCIL Y SEGURO DE USAR


IDEAL PARA HOGARES, HOTELES Y ALOJAMIENTOS


SIN QUÍMICOS, SIN RESIDUOS, SIN PLAZO DE SEGURIDAD

RESULTADOS PROFESIONALES

SOLUCIONES PROFESIONALES EFECTIVAS

- ✓ SIN QUÍMICOS
- ✓ SIN RESIDUOS
- ✓ SIN PLAZO DE SEGURIDAD
- ✓ EFECTIVO CONTRA CHINCHES Y HUEVOS

PRECIO DE OFERTA **695€**



POLTI CIMEX ERRADICATOR®
VAPOR SECO PROFESIONAL
Penetra en colchones, sofás, grietas y rincones.



O Polo de Emprendemento de Melide supera as 376 iniciativas apoiadas



Belén do Campo na súa visita ás instalacións de CC Xestión falando coas súas responsables. / Foto: Xunta de Galicia

O Polo de Emprendemento de Melide continúa a reforzar o seu papel como servizo clave para o desenvolvemento económico da comarca. Así o destacou a delegada territorial da Xunta, Belén do Campo, durante unha visita ás instalacións acompañada polo director territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emi-

gración, Juan José Couce.

Desde a súa posta en marcha en 2023, o polo leva máis de 376 iniciativas empresariais asesoradas, unha cifra que confirma a crecente demanda deste servizo gratuito de acompañamento a persoas emprendedoras e pequenas empresas. Un dato especialmente salientable é que o 54% dos

proxectos atendidos están liderados por mulleres, o que evidencia o peso crecente do emprendemento feminino na comarca.

O Polo de Melide presta cobertura a un amplo territorio que abrangue 24 concellos, desde Melide, Arzúa ou Toques ata municipios da contorna de Santiago, Ordes e A Barcala. O

obxectivo é ofrecer apoio tanto a quen está a valorar iniciar unha actividade como a quen xa ten un negocio en marcha e precisa consolidalo ou mellorar a súa competitividade.

Tras coñecer a actividade do polo, a delegada reuniuse con varias persoas autónomas de Melide beneficiarias do Bono das persoas traballadoras autónomas, unha liña de apoio destinada a negocios con máis de 42 meses de actividade.

Entre elas, visitou a Asesoría Laboral e Fiscal CC Xestión Melide S.L., que o ano pasado recibiu máis de 3.000 euros para renovar equipamento informático e mobiliario. Tamén se achegou á gandería Pena Fendida, que investiu unha axuda de 7.000 euros na compra dunha nova amantadora.

Segundo os datos facilitados pola Xunta, en 2025 concedéronse na provincia da Coruña 874 axudas, cun investimento próximo aos 3 millóns de euros. Na comarca de Melide, 16 persoas autónomas beneficiáronse destas ache-

gas, que supuxeron máis de 53.000 euros en investimentos.

Belén do Campo lembrou que xa está aberto o prazo da nova orde de axudas ao emprendemento para 2026, dotada con preto de 42 millóns de euros. A maior parte deste orzamento destínase a unha convocatoria unificada que integra cinco programas: promoción do emprego autónomo, cota cero, Bono autónomo, Bono Remuda, Bono Nova Oportunidade e axudas á conciliación.

No caso concreto do Bono autónomo, conta cun orzamento de 8 millóns de euros e permite financiar ata o 60% dos investimentos, cun máximo de 7.000 euros por beneficiario. Entre os gastos subvencionables inclúense maquinaria, melloras de eficiencia enerxética, reformas de locais, equipamento informático, rótulos, ferramentas ou actuacións de transformación dixital.

O prazo para solicitar estas axudas para autónomos permanecerá aberto ata o vindeiro 30 de setembro de 2026.

A Xunta destaca en Melide o impulso ao relevo xeracional no campo galego: máis de 5.000 mozos incorporados desde 2009



A conselleira de Medio Rural e representantes do PP de Melide con Lucía Vázquez na súa gandería. / Foto: Xunta

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, visitou a gandería Casal-Váz-

quez, situada no concello de Melide, onde puxo en valor o compromiso da Xunta co

relevo xeracional no sector agropecuario galego. Segundo explicou, desde

2009 máis de 5.000 mozos e mozas incorporáronse ao campo grazas ás axudas autonómicas destinadas á orientación laboral e aos plans de mellora de explotacións, que suman preto de 6.000 actuacións.

A conselleira estivo acompañada polo director xeral de Gandeiría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros, e salientou que a última convocatoria destas subvencións conta cun orzamento de 53 millóns de euros, a maior dotación desde o ano 2018. Ademais, lembrou que só no período 2016-2024 estas medidas supuxeron unha inxección económica de arredor de 369 millóns de euros no ru-

ral galego, beneficiando a máis de 5.800 explotacións

Durante a visita, Gómez quixo agradecer o labor de Lucía Casal, cotitular da gandería melidá e beneficiaria das axudas de incorporación. A conselleira destacou o seu traballo “como muller, como gandeira e como influencer”, subliñando que, ademais de xestionar a explotación, comparte nas redes sociais o día a día da actividade agrogandeira.

Gómez definiu esta tarefa divulgativa como “fundamental para animar a outras mozas e mozos” a seguir o camiño do rural e contribuír á continuidade das explotacións familiares, un dos retos estratéxicos do sector en Galicia.

A Xunta convoca os Premios RSE Galicia 2026, que recoñecerán ás empresas máis comprometidas coa responsabilidade social



Traballadores e traballadoras dunha empresa nas oficinas das súas instalacións. / Foto: iStock

O Diario Oficial de Galicia vén de publicar a orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan os Premios de Responsabilidade Social Empresarial de Galicia 2026, uns galardóns que buscan distinguir ás empresas que destacan polo seu compromiso laboral,

ambiental e social.

A convocatoria inclúe dúas modalidades principais: o Premio á Responsabilidade Social Empresarial, dividido en categorías de pequena, mediana e grande empresa, e a Mención á Conciliación, destinada a recoñecer iniciativas innovadoras que favorezan a compatibilidade entre

vida laboral, familiar e persoal.

As candidaturas deberán acreditar actuacións desenvolvidas entre 2023 e 2025, e serán avaliadas de maneira integral en tres eidos fundamentais:

Ámbito laboral-económico: terase en conta a calidade do emprego, a saúde e seguridade laboral, a

promoción profesional, as medidas de igualdade e prevención do acoso, a igualdade retributiva ou a presenza de mulleres en órganos de goberno. Tamén se valorarán accións de apoio ás vítimas de violencia de xénero, a creación de emprego feminino en sectores infra-representados, a inserción laboral de persoas vulnerables e as medidas de conciliación.

Campo ambiental: analizarase a innovación en produtos, servizos e procesos sustentables, as campañas de sensibilización, o aforro enerxético, a economía circular, a redución de residuos e emisións, a avaliación ambiental de provedores, a protección da biodiversidade e o uso de indicadores de impacto ambiental. Tamén se terán en conta actuacións de mobilidade sostible.

Acción social: valorarase o compromiso coa diversidade e a inclusión,

a igualdade de oportunidades, a integración social e o desenvolvemento de actividades de voluntariado.

A Mención á Conciliación premiará aquelas empresas que impulsen medidas innovadoras que vaian máis aló do esixido pola normativa. O xurado terá en conta iniciativas como: implantación do teletraballo ou horarios flexibles, salas de repouso e lactación, servizos de gardería ou apoio económico para o seu acceso, facilidades para o coidado de persoas maiores ou dependentes, medidas que garantan o dereito á desconexión dixital, permisos especiais para atender familiares e conviventes, programas formativos para persoas que se acollen a medidas de conciliación, accións que promovan a corresponsabilidade real no ámbito laboral e familiar.

As empresas poden presentar as súas candidaturas ata o 17 de xuño.

O paro baixa na Terra de Melide e alcanza 331 persoas desempregadas



Un traballador da construción, un dos sectores con menos paro. / Foto: iStock

Os datos correspondentes a este mes amosan unha evolución positiva do desemprego na comarca da Terra de Melide, que rexistra un total de 331 persoas en situación de paro, dez menos que no mes anterior, cando

a cifra ascendía a 341.

Por concellos, Melide continúa a concentrar o maior número de persoas desempregadas, con 238 parados, cinco menos que no mes anterior. En Santiso, o descenso é máis

acusado, pasando de 37 a 30 persoas sen emprego, o que supón unha baixada de sete. Tamén en Sobrado dos Monxes se produce unha redución do paro, que queda en 38 persoas, fronte ás 41 rexistradas en marzo.

A excepción na comarca é Toques, onde o desemprego experimenta un pequeno incremento, ao pasar de 20 a 25 persoas paradas.

No conxunto da comarca, os datos reflicten unha tendencia xeral á baixa grazas, en parte, ao comezo da temporada alta coa Semana Santa a comezos de mes.

A nivel galego, a comunidade pechou abril con 1.103.820 á Seguridade Social, 16.386 cotizantes máis que en abril do ano pasado,

e con 112.293 persoas no paro, 3.252 menos que no mesmo mes do 2025. Así o destacou a directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, Zeltia Lado, durante a valoración dos datos do paro e de afiliacións.

No caso das afiliacións, na comparativa anual aumentan nun 1'51% e tamén medran na comparativa mensual. De feito, en termos intermensuais, trátase do segundo maior aumento dun mes de abril desde que hai rexistros, despois do acadado o ano pasado.

En relación do desemprego, este cae tanto na comparativa, cun descenso do 2'81% como na mensual, neste caso cun recorte do 2'07%, o que implica 2.377 persoas desempregadas menos con respecto a marzo de 2026.

O paro tamén se re-

duce nas catro provincias galegas e en todos os sectores de actividade, liderando a baixada a construción (-9'30%), seguida do sector primario (-5'43%), da industria (-4'73) e, por último, dos servizos (-1'92%).

En canto a colectivos como o das mulleres ou as persoas paradas de longa duración rexístrase a cifra máis baixa de desemprego para un mes de abril de toda a serie (maio de 2005). No caso das mulleres desempregadas a redución anual é de 1.800 persoas (-2'67%) e no dos parados de longa duración a baixada é de 2.730 (-4'70%).

Zeltia Lado destaca que estes datos confirman a evolución positiva e estrutural do mercado laboral galego e o efecto das políticas activas de emprego para conseguir un modelo máis dinámico, inclusivo e orientado á creación de emprego.

O Goberno galego constitúe a Mesa do Comercio de Galicia para reforzar a colaboración e impulsar o sector comercial

O Goberno galego vén de constituír a Mesa do Comercio de Galicia, un novo órgano colexiado de carácter consultivo e de participación que nace co obxectivo de fortalecer a colaboración entre administracións públicas e axentes implicados no sector comercial. O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, presidiu o acto de creación acompañado polo director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, destacando que esta ferramenta permitirá avanzar nun modelo de gobernanza compartida e máis eficaz.

O novo órgano enmárcase no Plan Estratégico do Comercio de Galicia 2025-2030, que aposta por reforzar a coordinación institucional e o diálogo co sector. González subliñou que a Mesa autonómica servirá de complemento ás Mesas Locais de Comercio, xa implantadas en numerosos concellos, e que funcionan como espazos de coordinación entre administración

municipal e asociacións de comerciantes para dar respostas adaptadas a cada contorna.

A Mesa do Comercio de Galicia está integrada por representantes da Xunta, da administración local a través da Fegamp, das cámaras de comercio, das organizacións de persoas consumidoras, da patronal (CEG), das federacións e asociacións de comerciantes e das prazas de abastos. Tamén forman parte dela representantes da venda ambulante, das grandes empresas de distribución e das organizacións sindicais do sector.

Durante a sesión constitutiva, o conselleiro destacou que o obxectivo principal é “afondar nun modelo de gobernanza compartido entre administración e sector privado, non só para asesorar nas políticas públicas, senón tamén para facer propostas proactivas que melloren a situación do comercio local”.



Varios representantes do sector do comercio na reunión co Conselleiro e o Director Xeral. / Foto: Xunta de Galicia

A Mesa reunirase, como mínimo, unha vez ao ano, aínda que poderá convocar mesas técnicas específicas cando sexa necesario. Entre as súas funcións destacan: formular propostas para mellorar a planificación, xestión e avaliación das políticas públicas en materia comercial; pronunciarse sobre liñas estratéxi-

cas e prioridades de actuación; deseñar e propoñer programas formativos que contribúan á profesionalización do sector; analizar retos e oportunidades do comercio galego nun contexto de transformación dixital e cambios nos hábitos de consumo.

A creación da Mesa autonómica súmase a unha

batería de medidas impulsadas pola Xunta para apoiar o comercio de proximidade. Entre elas destacan as axudas ao sector comercial, cun investimento próximo aos 4 millóns de euros, os Bonos Activa Comercio, e novas iniciativas formativas orientadas á profesionalización e ao relevo xeracional neste eido.

A Deputación convoca a oitava edición dos Premios PEL para recoñecer as mellores iniciativas empresariais da provincia



As premiadas e premiados da anterior edición. / Foto: Deputación da Coruña

A Deputación da Coruña vén de publicar as bases reguladoras da oitava edición dos Premios PEL ás mellores iniciativas empresariais

da provincia (PEL-EPR Premio 2026), un galardón que forma parte das accións de apoio á calidade, á innovación e ao empre-

demento incluídas no Plan de Empleo Local (PEL). O obxectivo desta convocatoria é poñer en valor o papel fundamental das empresas como xeradoras de riqueza, emprego e benestar, ao tempo que se impulsa a súa sustentabilidade, o emprendemento e o desenvolvemento do rural.

As empresas gañadoras de cada categoría recibirán un premio de 20.000 euros, agás na categoría honorífica, que non leva dotación económica. De maneira excepcional, o xurado poderá conceder un accésit de 5.000 euros aos segundos clasificados; nese caso, os primeiros premios pasarán a estar dotados con 15.000 euros.

A convocatoria estrutúrase en cinco categorías que abranguen desde o emprendemento recente ata proxectos consolidados ou iniciativas con impacto ambiental e creativo: Iniciativa emprendedora: dirixida a persoas autónomas, microempresas e pemes que iniciaran a súa actividade en 2024, 2025 ou 2026. Traxectoria empresarial: para recoñecer empresas e autónomos con actividade iniciada en 2023 ou con anterioridade. Iniciativa territorio sostible: pensada para proxectos que contribúan á transición ecolóxica, á loita contra o cambio climático, á agricultura sostible, á economía circular, á protección da biodiversidade ou ao uso

eficiente dos recursos. Iniciativa empresarial singular: destinada a pemes con propostas creativas, orixinais ou de carácter singular, xa sexa polo uso de materias primas locais, pola reutilización de materiais ou pola revitalización da tradición galega. Mención do xurado á mellor iniciativa transformadora do rural: non require candidatura previa e non leva premio económico.

A participación debe realizarse por vía telemática a través da plataforma SUBTeL, na convocatoria PEL-EPR Premio 2026, achegando a documentación indicada nas bases. O prazo de presentación estará aberto ata o 12 de maio de 2026 ás 14:00 horas.

**PRUEBA 1 MES
AUDÍFONOS
GRATIS**



tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO



**ESTUDIO AUDIOLOGICO GRATUITO
FINANCIACION SIN INTERESES
ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tif: 981 505 199  634950412**

**NUEVA
UBICACIÓN**



tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO

**1 GAFA
GRADUADA
69 €**



**ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tif: 981 505 199  634950412**

XI FESTIVAL LINGUA FOLK

SÁBADO
16
MAIO 2026



adicado á
*Beçoña
Caamaño*

TOQUES

COMDIDO CUIRUCUDS

13:30 h. Actuación de

XANTAR POPULAR

PREZO 20€ venda de entradas:
Casa Alfonso, Bar Ánxeles (Brañas), Casa Modesto e Concello

Inchables e obradoiros para os máis cativos

18:00 h. Actuacións dos Grupos

OS DA TABERNA
TRISQUELEIROS
VIDE PRETO
PEDRA MALLADA
BALADO

LARPEIROS DE ALTAMIRA
POZO PEQUENO
OS TRAPEIROS
BINGO BIRON

21:30 h. Actuación de

APRENDIZ

22:30 h. Actuación de

ARDENTIA

Concello de
TOQUES

REDE CULTURAL

Deputación
DA CORUÑA





40
ANIVERSARIO
1986 - 2026
CROSS DE SANTISO

30/05/26





DÍA DO LIBRO 2026

23 DE ABRIL - ESCOLA

CELEBRAMOS AS NOSAS HISTORIAS

Este ano, en conmemoración do Día do Libro, rendemos homenaxe á creatividade e imaxinación dos alumnos de infantil do CEIP de Arcediago. Presentamos as súas propias historias, ilustradas e escritas con tanto. Que a paixón pola lectura siga medrando!


<p>A HISTORIA QUE SEMPRE SEMPRE LEE</p> <p>O PAISDO N. ML</p> <p>Carla e Iñaki per</p> <p>NEISAN</p>	<p>A HISTORIA QUE SEMPRE SEMPRE LEE</p> <p>OPAZDZIN OIA</p> <p>Carla e Iñaki per</p> <p>THIAGO</p>	<p>A HISTORIA QUE SEMPRE SEMPRE LEE</p> <p>O LOBO TRAKS</p> <p>Carla e Iñaki per</p> <p>O. SERAFIN</p>	<p>A HISTORIA QUE SEMPRE SEMPRE LEE</p> <p>A PRINCESA CORALINA</p> <p>Carla e Iñaki per</p> <p>OSMAYLY</p>
<p>A HISTORIA QUE SEMPRE SEMPRE LEE</p> <p>OYANIDA</p> <p>Carla e Iñaki per</p> <p>MIYMY</p>	<p>A HISTORIA QUE SEMPRE SEMPRE LEE</p> <p>EL BOY LA OUB</p> <p>Carla e Iñaki per</p> <p>FABIO</p>	<p>A HISTORIA QUE SEMPRE SEMPRE LEE</p> <p>BIANCA VALERIA</p> <p>Carla e Iñaki per</p> <p>CARLA</p>	<p>A HISTORIA QUE SEMPRE SEMPRE LEE</p> <p>FESTADEBELA</p> <p>Carla e Iñaki per</p> <p>VALE ELA</p>
<p>A HISTORIA QUE SEMPRE SEMPRE LEE</p> <p>EL REY JUAN</p> <p>Carla e Iñaki per</p> <p>MIYMY</p>	<p>A HISTORIA QUE SEMPRE SEMPRE LEE</p> <p>O CASALOPOLIC</p> <p>Carla e Iñaki per</p> <p>MARTIN</p>	<p>A HISTORIA QUE SEMPRE SEMPRE LEE</p> <p>AVADARCA</p> <p>Carla e Iñaki per</p> <p>MANTIA</p>	<p>A HISTORIA QUE SEMPRE SEMPRE LEE</p> <p>EL CIELO MOTARSI</p> <p>Carla e Iñaki per</p> <p>ELI</p>

Traballos dos alumnos de 4 e 5 ANOS

O Centro Sociocultural Mingos de Pita acollerá unha Gala Solidaria en apoio ás persoas afectadas de ELA

GALA SOLIDARIA

a favor de AGAELA
e como apoio ás persoas afectadas de ELA



Pintura: Fráxil, Belén Rodríguez Pazo

Día: Domingo, 24 de maio

Hora: 19:30h

Lugar: CASA DA CULTURA
Mingos de Pita de MELIDE

Prezo: 5€

HABERÁ SORPRESAS
E SORTEO DE VARIOS AGASALLOS

“Coa nosa axuda, loitarán máis e mellor”

FROITO NOVO POZO PEQUENO
HERBA GRILEIRA NÓS Ó NOSO
GAITEIROS DO BALADO
OS DA TABERNA

O cartel informativo sobre a Gala Solidaria a favor de AGAELA. / Foto: S. Cea

O Centro Sociocultural Mingos de Pita acollerá o vindeiro domingo 24 de maio, ás 19:30 horas, unha Gala Solidaria a favor de AGAELA e das persoas afectadas de ELA, nun evento promovido por un grupo de veciñas do municipio e que conta coa colaboración do Concello de Melide e da propia asociación.

A iniciativa, que terá un prezo simbólico de 5 euros, busca recadar fondos e visibilizar a realidade das persoas diagnosticadas con esclerose lateral amiotrófica, ao tempo que promove a participación social nun acto marcado pola música tradicional e o espírito comunitario.

O programa inclúe as actuacións de Froito Novo, Pozo Pequeno, Herba Grileira, Nós ó Noso,

Gaiteiros do Balado e Os da Taberna, grupos moi coñecidos na comarca e que se suman de maneira altruísta á causa. Ademais, a organización anuncia que haberá sorpresas e un sorteo de varios agasallos, co obxectivo de incrementar a recadación e dinamizar a velada.

As entradas poden adquirirse de maneira anticipada en Muxica Tenda Xoven, na Xoiería Roval ou a través do correo electrónico agaelamelide@gmail.com.

Baixo o lema “Coa nosa axuda, loitarán máis e mellor”, a gala pretende converterse nun punto de encontro solidario para toda a veciñanza, reforzando o compromiso de Melide co apoio ás persoas afectadas por esta enfermidade e ás súas familias.

A gala destina a súa recadación a AGAELA, a Asociación Galega de Afectados de Esclerose Lateral Amiotrófica, unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa persoas afectadas, familiares, colaboradores e voluntariado. O seu obxectivo é mellorar a calidade de vida das persoas con ELA e das súas familias, ofrecendo servizos especializados e acompañamento integral.

Segundo a información da propia entidade, AGAELA proporciona rehabilitación, apoio psicolóxico, terapia ocupacional, fisioterapia e atención social, ademais de xestionar un banco de máis de 600 produtos de apoio dispoñibles de forma gratuíta para as persoas asociadas. A asociación tamén impulsa accións de sensibilización social.

Carlota Casal presente na despedida das Residencias Artísticas Mariñán 2026, a edición máis numerosa ata o momento



Carlota Casal (@carlotaghatos) na imaxe de promoción das Residencias Artísticas. / Foto: Deputación da Coruña

O Pazo de Mariñán, en Bergondo, acolleu o pasado 24 de abril, o acto de despedida das Residencias Artísticas Mariñán 2026, unha iniciativa da Deputación da

Coruña que este ano bateu récords de participación. A edición, que comezou o pasado 11 de abril, pasou de seleccionar oito proxectos en 2025 a un total de quince

nesta convocatoria.

Durante o encontro, as persoas comisarias e participantes compartiron co público a súa experiencia e explicaron o proceso crea-

tivo desenvolvido ao longo destas dúas semanas de traballo. No acto estivo tamén presente a deputada de Cultura, Natividade González, quen salientou “a calidade das propostas seleccionadas e a diversidade de formatos e disciplinas que conflúen nesta edición”.

As residencias deste ano reuniron perfís moi variados, desde proxectos musicais ata iniciativas literarias, de pensamento contemporáneo e creación de contidos socioculturais en redes sociais.

A creación de contidos socioculturais en redes sociais contou cunha ampla representación: carlotaghatos (Carlota Casal Ramos de Melide), Ciencia: catro pioneiras galegas (Yeray Folgar Cameán), Cultura ao descuberto (Candela Lola Battiato Miñones), Séculos Escuros (Laura Villar Loureiro) e Adochinto (Leticia Mayán

Rodríguez).

Na parte de música participaron O Xoán Faiado (Xoán Fórneas), o Gallaecia Ensemble Barroco, Tránsito e PAVA. En literatura desenvolveron os seus proxectos Javier Humberto Rodríguez Alonso, con Nunca morreramos tan xuntos, e Petra Iglesias Gallego, con Disforia: unha mancha de pel allea. No ámbito do pensamento fixeron parte Cristina Rodríguez Barrado, con PIM PAM PUM: un entroido!, e Carlos Fernández López, con Curvas e pregos. Escuma ou Crinas.

A deputada Natividade González subliñou a importancia de ofrecer ás creadoras e creadores “tempo, espazo e acompañamento” para desenvolver os seus proxectos con garantías. Destacou tamén que a Deputación continuará apostando por este formato de residencias.

Melide quenta motores para a XXXIV Festa do Melindre e a repostaría tradicional, na fin de semana máis doce do ano



Os responsables dos 6 obradoiros melindreiros que estarán presentes na Festa do melindre e a repostaría tradicional xunto co concelleiro de Comercio e a concelleira de Igualdade. / Foto: Concello Melide

Melide prepárase para vivir unha das súas citas máis doces e recoñecidas: a XXXIV Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional, que encherá as rúas da vila os días 9 e 10 de maio. Os obradoiros do establecementos melindreiros xa se preparan para recibir aos visitantes e veciñanza que acudirán aos seus postos para mercar os ricos, amendoados e melindres.

Este ano a Festa tivo unha ampla promoción en diversos lugares da xeografía galega e fóra dela.

O pasado 11 de abril celebrouse en Santurtzi a 1ª Festa do Melindre a repostaría tradicional, organizada pola Casa de Galicia nesta localidade vasca. Ata alí desprazouse o concelleiro de Comercio, Xosé Igrexas, quen participou nunha xornada festiva que incluíu música, unha kalejira cos

xigantes locais, unha masterclass sobre doces tradicionais e actuacións como a do grupo melidense Os da Taberna.

A iniciativa reforzou a irmandade histórica entre Melide e Santurtzi, un vínculo nacido da emigración galega e consolidado nos últimos anos a través de intercambios culturais e institucionais.

A presenza en Santurtzi súmase a outras accións desenvolvidas ao longo do ano, nas que estivo presente a Festa do Melindre e a repostaría tradicional como en Fitur (Madrid) coa presentación do cartel desta nova edición e tamén en Foz, no marco do Certame de Baristas.

A maiores, o Concello puxo en marcha unha campaña conxunta coa Axencia Galega de Doazón de Órganos e Sangue, re-

partindo melindres e outros doces tradicionais nos puntos de doazón de Lugo, A Coruña, Santiago e Melide entre o 29 de abril e o 8 de maio. Unha acción que mestura solidariedade e promoción.

Declarada Festa de Interese Turístico Galego en 2013, a Festa do Melindre rende homenaxe a un saber facer que se transmite de xeración en xeración nos obradoiros da vila. Desde a súa creación en 1991, a celebración mantén o seu espírito: protexer a tradición repostaría melidá e poñela en valor como un dos grandes sinais de identidade do municipio.

Os melindres, os ricos e os amendoados son os protagonistas absolutos dunha fin de semana que combina gastronomía, música, obradoiros, showcooking e actividades para to-

das as idades.

O sábado, 9 de maio, haberá festa dende ás 11:00h coa apertura dos postos da feira; de 11:30 a 15:00h animación de rúa coa charanga Achicoria e Herba Grileira; ás 13.00h obradoiro doce “Coas mans na masa”, a cargo de Mary Mosteiro. Pola tarde, ás 17:00 horas maridaxe de viños e doces con Martín de Viñoteca Ribeirao; unha hora máis tarde, Herba Grileira actuará na Praza das Coles; de 18:30 a 19:30h Showcooking “Melide en petiscos: saborosa memoria da tradición doce”, con Manuel Garea. O peche da feira será ás 20:00 horas.

O domingo, 10 de maio, a xornada comeza coa apertura da feira ás 11:00h, haberá animación de rúa con Froito Novo, Os da Taberna e Brassica Rapa a partir das 11:30 horas. O

nomeamento dos embaixadores e embaixadoras, así como o pregón será no Cantón de San Roque, ás 12:00h, posteriormente seguirá a animación nas rúas. As embaixadoras deste ano serán Pilar López (xerente de Asetem) e a Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide, así como o pregoeiro, Xosé Luis López Vila, xornalista da Radio Galega. Pola tarde, ás 17:30 horas haberá o concerto infantil tributo “Lembra Xarabín”. O domingo o peche da feira será ás 18:00h. Para pechar os dous días de Festa do Melindre e a repostaría tradicional actuará Sabela na Praza das Coles.

Esta fin de semana Melide será o municipio máis doce de Galicia e volverá ser, un ano máis, o epicentro da gastronomía tradicional.

XOSÉ IGREXAS, CONCELLEIRO DE COMERCIO

“É importantísimo que a hostalería se involucre na Festa”

- **Que balance fas da evolución da Festa do Melindre e a repostaría tradicional nestes últimos anos e que obxectivos se marcaron para esta 34ª edición?**

- **Xosé Igrexas:** O balance é positivo, como toda Festa gastronómica, e máis a nosa, que se diferencia das demais xa que exalta á repostaría tradicional, o melindre, o rico e o amendoado. Polo que cada ano hai que fortalecela con máis promoción e novas actividades para que siga expandíndose e sexa recoñecida tanto en Galicia como fóra da nosa comunidade.

Os obxectivos son claros, primeiro promocionar a Festa mais alá das nosas fronteiras, como o estamos a facer nestes momentos, estivemos en Canarias, en Euskadi, fixemos promoción en Cataluña, e seguiremos facéndoa en outras comunidades, pero tamén temos proxectado facer promoción fóra do estado tanto este ano como o ano que vén.

- **Como contribúe esta festa á dinamización do comercio local e da economía de Melide durante esa fin de semana?**

- **X.I:** A Festa do Melindre é unha das accións que se realiza dende o Concello de Melide para a dinamización do comercio e da economía local. Non podemos esquecer que o fin de semana que se celebra a Festa nos visitan milleiros de persoas e veñen a consumir a desfrutar e iso ten o seu retorno e impacto económico na vila que é fundamental.

- **Que impacto económico se estima que ten a festa tanto para a hostalería como para o pequeno comercio?**

- **X.I:** Como xa dixen cando se organiza este tipo de eventos hai que pensar que o que se inviste de diñei-

ro público beneficia o máis posible na economía local, e nesta festa vense beneficiado o comercio, a hostaleira e a hospedaxe entre outros sectores. É complicado poñer números, pero pensar que unha soa persoa que veña a festa vai mercar os doces, vai consumir na hostaleira, a maioría quedarase a comer e outros incluso a durmir ese fin de semana polo que o impacto económico é altísimo.

- **A repostaría tradicional é o corazón da festa. Que medidas se están tomando para poñer en valor este patrimonio gastronómico?**

- **X.I:** Non hai que esquecer que a Festa denomínase Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional da Terra de Melide. E o elemento esencia é o de Repostaría tradicional. Póñense en valor tres doces, o melindre, o rico e o amendoado, tres produtos que se fai de maneira tradicional, artesan, con ingredientes naturais, sen aditivos nin conservantes, non se fai de forma industrial. Esa e o valor fundamental destes tres doces. E iso é o elemento que exaltamos por iso ten este éxito e somos recoñecidos en toda Galicia, por iso sempre resaltamos que somos o concello máis doce de Galicia.

Hai poucos días dende a Mancomunidade de Concellos do Camiño Francés lanzamos unha guía gastronómica para promocionar polo mundo a gastronomía dos nosos concellos, editados en múltiples idiomas, no noso caso Melide exalta a nosa repostaría como símbolo de identidade gastronómica.

- **Que papel xogan os establecementos locais na organización e desenvolvemento da festa?**

- **X.I:** É importantísimo, sempre quixen involucrar



Xosé Igrexas en Santurtzi na xornada de promoción da Festa. / Foto: Concello

aos establecementos do noso pobo na promoción da festa, e así o vimos facendo nestes anos, como por exemplo lanzamos a acción “colaboracións melindreiras”, neste ano participan 35 establecementos onde se repartiron 20.000 manteis de papel, estes manteis foron para restaurantes e comercios que ofrecen comidas e así promocionamos para a súa clientela a Festa.

- **Que novidades incorpora esta edición respecto ás anteriores, tanto a nivel de programación como de promoción?**

- **X.I:** Con respecto a promoción, este ano, xa empezamos en xaneiro, en Fitur en Madrid onde presentei o Cartel deste ano. Estivemos no Concurso Internacional de Baristas en Foz, onde nos da unha presenza a profesionais do sector de diferentes países.

E tamén este ano estivemos en Santurtzi celebrando a I Festa do Melindre organizada pola Casa de

Galicia, que hai que lembrar que son embaixadores da Festa e están cumprindo con creces esa función.

- **Por que é importante que diversas persoas ligadas á vila (como Martín de Viñoteca Ribeiro ou Manuel Garea) sexan os encargados de impartir algunhas actividades desta festa?**

- **X.I:** Porque a Festa do Melindre é de todo o pobo de Melide, unha dos seus sinais de identidade, e como xa dixemos é importante que o pobo, o seu tecido económico e a xente se involucre nesta Festa. Por iso tanto a Martín como a Manuel teño que agradecer a súa implicación, ademais, tanto Manuel como a Adega Ribeiro son embaixadores do Melindre.

- **Como valora a resposta do comercio local ante iniciativas municipais como esta?**

- **X.I:** Nestes sete anos que levo como concelleiro e na área de comercio, teño que agradecer moitísimo ao

noso sector comercial, sempre están aí para apoiar novas iniciativas, e por suposto sempre recibo propostas e vanse facendo aquelas que nos podemos permitir facer e que haxa capacidade de facelas. Pero tamén participamos e colaboramos nas iniciativas que realiza Asetem.

- **Como xurdiu a idea de facer embaixadores do melindre e a repostaría tradicional a Asetem e a xerente Pilar López?**

- **X.I:** Dende que teño a responsabilidade de organizar a Festa do Melindre, o Goberno Local decidiu que as figuras de embaixadores/as tiveran algunha vinculación con Melide, queremos resaltar esa unión, ese recoñecemento. Por iso en outras edicións nomeáronse entidades, negocios e persoas relacionadas con Melide e coa festa, e neste ano por suposto tocáballe a ASETEM como asociación de empresarios e comerciantes de Melide. E a Pilar que dicir dela, unha muller moi traballadora, como xerente de ASETEM, pero que a nivel persoal sempre se involucrou tamén en axudar, en apoiar e en promocionar todo aquilo que beneficiara a Melide, e neste caso na promoción da nosa repostaría, por iso este recoñecemento especial a Pilar, que sei que lle fixo moita ilusión esta proposta.

- **Que retos ves para o futuro da Festa e que liñas de mellora che gustaría impulsar?**

- **X.I:** Retos creo que teriamos que ter moitos, un fundamentalmente é que ao ser unha Festa gastronómica de doces que se realizan de maneira tradicional, os produtores son poucos, pero este ano temos que dicir que engadimos a un novo produtor que é Forno de Suso, o que teño que agradecer que participe.

O Congreso esLibre26 enche o concello de Melide e consegue consolidar o rural como espazo para a innovación aberta



Diversos participantes do Congreso esLibre 2026, celebrado en Melide, durante varios momentos das xornadas dos días 17 e 18 de abril. / Fotos: Congreso esLibre 2026

O congreso esLibre26 pechou a súa edición en Melide cun balance moi positivo e arredor de 200 asistentes ao longo das dúas xornadas, sendo o municipio un novo punto de encontro para a comunidade do software libre e da tecnoloxía aberta. A celebración no rural galego (lonxe das grandes cidades onde adoita ter lugar) converteuse nun dos sinais de identidade desta edición, que destacou polo seu forte vínculo co territorio e coa cultura local.

Un arranque marcado pola comunidade e a identidade melidá

A xornada inaugural, celebrada o 17 de abril, reuniu máis de 100 persoas e abriu cun acto centrado na comunidade e no orgullo de facer proxectos desde o rural. A gandeira e creadora de contido Lucía Casal foi a encargada de dar a benvida, reivindicando “a importancia de construír desde aquí, poñendo en valor o propio lugar e contribuíndo ao ben

común”. A música tradicional de Miki e Román, dous músicos do pobo, reforzou esa conexión coa identidade melidá.

Rafael Gaioso, membro de MeLiSA e organizador do encontro, destacou que esLibre “vai máis alá das charlas: é tamén o que pasa fóra, nos espazos do pobo, onde a xente comparte”.

Educación, accesibilidade e IA: protagonistas da primeira xornada

O primeiro día estivo centrado na educación e no papel do software libre nas institucións públicas. Presentáronse proxectos como eXeLearning, plataformas abertas con IA e iniciativas arredor dos Recursos Educativos Abertos (REA), subliñando o seu potencial democratizador.

Tamén houbo espazo para debates internacionais, como o achegado polo proxecto arxentino FiSIALab, que analizou o im-

pacto da intelixencia artificial nas aulas e a necesidade de repensar o deseño pedagóxico desde unha perspectiva aberta e comunitaria.

A accesibilidade ocupou outro lugar destacado cun taller impartido por Iván Novegil e Agustín Aguirre, centrado no software libre como ferramenta para garantir o acceso universal á tecnoloxía.

A nivel institucional, presentouse o caso da implantación de LibreOffice no goberno de México, exemplo de como o software libre pode contribuír á soberanía tecnolóxica e á eficiencia pública.

A mañá completouse coa XIII Xornada de Usuarios de R en Galicia, que reforzou a conexión entre análise de datos e tecnoloxías abertas.

Soberanía dixital, infraestruturas abertas e comunidade: eixo da segunda xornada

O 18 de abril, o congreso continuou cunha

programación diversa que puxo o foco na soberanía dixital, as infraestruturas abertas e os retos éticos da intelixencia artificial. Propostas como o GallaecIA Media Hacklab exploraron a relación entre xornalismo e IA, mentres outros relatores abordaron modelos de linguaxe, IA autoaloxable ou ferramentas de creación musical e audiovisual con software libre.

A dimensión social estivo moi presente, con iniciativas de intercooperación tecnolóxica, ciberactivismo desde os territorios e proxectos vinculados á economía social e solidaria. Tamén se trataron cuestións como a transición enerxética xusta, o autoconsumo ou a protección de datos.

Participantes e relatoras coincidiron en destacar o ambiente do encontro: “Non é só o nivel das charlas, é a sensación de comunidade que se respira”, comentaba unha assistente. Outra poñente subliñaba que esLibre “é un espazo para compartir coñecemen-

to e reencontrarse con xente coa que colaboras todo o ano”.

Un congreso feito pola comunidade e para a comunidade

A organización puxo en valor o papel do voluntariado e o apoio do pobo de Melide: “Isto non se fai co esforzo dunha soa persoa. Todo o pobo se volcou”, sinalaron. Tamén destacaron o significado de traer o congreso ao rural: “Demuestra que desde Melide tamén se poden facer eventos de gran nivel”.

Como peche, as persoas asistentes participaron nun roteiro fotográfico pola vila (coa colaboración do Museo), reforzando o vínculo entre tecnoloxía, cultura e territorio.

Con esta edición, esLibre reafirma o seu papel como un dos encontros de referencia do software libre no Estado, fortalecendo unha rede colaborativa que continúa activa máis alá do propio congreso.

festa do
melindre

#AfestaMaisDocedeGalicia



34 Festa do Melindre


edición e da Repostaría Tradicional da Terra de Melide

MELIDE

9-10 maio 2026



FESTA DE INTERESE TURÍSTICO GALEGO



//ABANCA



sábado 9 de maio

domingo 10 de maio

11:00h
Cantón de San Roque
Apertura da Feira
Horario: de 11:00 a 14:00h e de 16:30 a 20:30h

11:30 a 15:00h
Pasarrúas polas prazas e rúas
**Animación de Rúa con
CHARANGA ACHICORIA
HERBA GRILEIRA**

13:00-14:00 h
Cantón de San Roque
Obradoiro doce con Mary Mosteiro
Coas mans na masa
Mary Mosteiro é publicista de carreira e pasteleira de profesión e corazón. Imparte cursos de cociña para crianzas.

17:00h-18:00h
Cantón de San Roque
Maridaxe de Viños e doces con Martin Ribeirao

18:30h-19:30h
Cantón de San Roque
Showcooking con Manuel Garea
Melide en petiscos: saborosa memoria da tradición doce
Manuel Garea é Profesor de cociña e pastelería: CIFP Fraga do Eume, Pazo de Cores (A Baña)
Catador oficial I.X.P Mel de Galicia
Embaixador na XXX edición da Festa do Melindre e da Repostaría tradicional da Terra de Melide

18:00h
Praza das Coles
**Actuación
HERBA GRILEIRA**

20:00h
Peche da Feira

11:00h
Cantón de San Roque
Apertura da Feira
Horario: de 11:00 a 14:00h e de 16:30 a 18:00h

11:30h
Pasarrúas polas prazas e rúas
**Animación de Rúa
FROITO NOVO
OS DA TABERNA
CHARANGA BRASSICA RAPA**

12:00h
Cantón de San Roque
Nomeamento de Embaixadores e Pregón

13:00h
Cantón de San Roque
**Animación de Rúa
FROITO NOVO
CHARANGA BRASSICA RAPA**

17:30h
Cantón de San Roque
**Actividade Infantil
CONCERTO TRIBUTO LEMBRA XABARÍN**

18:00h
Cantón de San Roque
Peche da Feira

19:00h
Praza das Coles
**Actuación
SABELA**

PROGRAMA 34 Festa do Melindre

edición e da Repostaría Tradicional da Terra de Melide



Novos tempos   Nova tenda   A mesma ilusión

Alexandre Bóveda, 12 - Melide · Tlfs.: 981 50 54 31 - 650 076 862 · joseroval@mundo-r.com



Toys Maniatic

RONDA DA CORUÑA, 36 - BAIXO
15800 - MELIDE (A CORUÑA)
981 93 79 40



JOYERÍA ORO LEY

Taller propio

Rúa San Pedro, 14 - 15800 Melide (A Coruña) - 981 50 54 68

CLICKFER



Parque Empresarial Madanela 84-85, 15800 Melide
Teléfono: 98150 79 54

Os mellores
produtos
de ferretería!



Grandes
ofertas en roupa
de traballo



Referentes
no sector do aluguer
de maquinaria



Toques reforza a súa oferta turística cunha nova sinalización de rutas e pantallas informativas grazas a unha axuda de 30.000€



O alcalde de Toques xunto a delegada territorial, Belén do Campo, e un representante do PP municipal. / Foto: Xunta

O concello de Toques continúa avanzando na mellora da súa oferta turística grazas ao apoio da Xunta de Galicia. A delegada territorial, Belén do Campo, visitou o municipio para coñecer de primeira man as actuacións realizadas ao

abeiro da orde de Turismo de Galicia destinada a mellorar infraestruturas turísticas en concellos de menos de 10.000 habitantes.

Toques recibiu 30.000 euros, unha das cinco axudas concedidas na contorna (que suman un to-

tal de 150.000 euros) para reforzar a súa aposta polo turismo sostible e pola posta en valor do territorio.

A actuación principal no municipio consistiu na sinalización integral das rutas de sendeirismo, un recurso cada vez máis deman-

dato polos visitantes.

Grazas a esta acción instaláronse: 25 frechas direccionais de madeira, 25 postes do mesmo material de 250x10 e 1.115 postes con sinais homologados PR-G.

Todo o material foi deseñado para integrarse na paisaxe e cumprir coa normativa oficial das rutas de pequeno percorrido. Esta mellora facilita a orientación dos camiñantes e incrementa a seguridade e a calidade da experiencia turística.

A intervención completouse coa instalación de dúas pantallas LED de última xeración en puntos estratéxicos do concello. Estes dispositivos permiten ofrecer información turística actualizada, multilingüe e dinámica, incluíndo: mapas dixitais, códigos QR, vídeos e imaxes dos principais recursos naturais e culturais,

axenda de eventos, promoción de produtos locais e servizos do municipio.

Belén do Campo destacou que estas pantallas “incorporan tecnoloxía avanzada ao servizo do territorio e das persoas”, e subliñou que contribúen a posicionar Toques como un destino “moderno, sostible e competitivo”.

A delegada puxo en valor o impacto destas actuacións nun concello que aposta pola natureza, o patrimonio e o turismo tranquilo como sinais de identidade. “Proxectos como este melloran a experiencia dos visitantes e axudan a dinamizar a economía local, xerando oportunidades no rural”, afirmou.

En 2025, 67 concellos de menos de 10.000 habitantes beneficiáronse destas axudas, cun investimento de 2 millóns de euros.

INNOVACIÓN

MAGIC CONNECT

VISTA | SON | ESTILO



CONECTARSE



CHAMAR



ESCOITAR



LENTE
CONECTADA
249€
CON 2 CLIPS*

*Montura MAGIC CONNECT: 249 € impostos incluídos. Os Clips Magic incluídos non son lentes correctoras e só son válidos para a montura para a que están deseñados. Ademais, só se poden mercar nas tendas ALAIN AFFLELOU. Consulte as condicións e características da colección MAGIC CONNECT na tenda. Cumpre coa lexislación vixente de produtos sanitarios. E-15001259.

RONDA DA CORUÑA, 16
MELIDE - 981 50 60 97

ALAINAFFLELOU
Óptico y Audiólogo

Pide a túa cita
afflelou.es



Corenta anos correndo xuntos: o Cross de Santiso celebra a súa historia o 30 de maio con 1.000 persoas participantes

O vindeiro 30 de maio de 2026, Santiso volverá converterse nun punto de encontro para o deporte e a comunidade coa celebración dunha nova edición do Cross de Santiso, unha cita que este ano ten un significado especial: cúmprense corenta anos desde a súa primeira edición.

O que comezou aló por 1986 como unha iniciativa dun grupo de mestres e mestras da Escola de Visantoña, encabezados por Manolo Castro e o resto do claustro, acabou por medrar ata se converter nunha das probas populares máis recoñecidas da contorna. Non só polos números, senón tamén polo espírito que soubo conservar co paso do tempo.

Hoxe, o Cross de Santiso é moito máis ca unha carreira, é unha festa deportiva e familiar, unha xornada de reencontros, xogos, amizade e deporte compartido, que segue mantendo intactas as motivacións coas que naceu: fomentar a actividade física, a convivencia e o amor polo deporte desde idades temperás.

Unha proba con identidade propia

Para esta edición tan sinalada, a organización habilitou 500 prazas na categoría adulta, 300 nas categorías infantís e 200 na andaina popular, prazas que se esgotaron en poucas horas. Esta limitación que responde á vontade de manter a calidade do evento e o coidado ao detalle que o caracterizan.

Ese coidado é, precisamente, o que fai que moitos atletas e familias repitan ano tras ano. O Cross de Santiso é coñecido en toda Galicia como a proba sen premios en metálico con maior nivel deportivo, tamén no ámbito infantil,



Os nenos e nenas que participaron na 4ª edición do Cross de Santiso, entre eles os gañadores. / Foto: Cross de Santiso

algo pouco habitual neste deporte e froito dun traballo constante baseado na paixón e no compromiso.

“Son un exemplo de como facer país”

Felipe de Friol, profesor con longa experiencia no deporte en idade escolar, resume con clareza o que diferencia esta cita: “o Cross de Santiso é unha cita obrigada desde a primeira edición. Teñen unha sensibilidade especial e un trato fenomenal coas categorías inferiores. O cariño co que fomentan a actividade física entre os nenos e nenas non o vin en ningún sitio. Son un exemplo de como facer país”.

A mellor proba do impacto da carreira está, segundo Felipe, nas propias nenas e nenos: “ao final os nenos non teñen ningún tipo de filtro para dicir o que realmente pensan dunha actividade e dende principio de curso xa me din que queren ir a Santiso. Pois xa está, a resposta máis sincera é a deles. En Santiso fidelizan deportistas novos e veteranos cunha facilidade

pasmosa”.

Deporte e familia

Para José Luis, integrante do colectivo Empujando Sonrisas, o Cross de Santiso converteuse nun ritual anual: “para nós é unha oportunidade de xuntarnos como familia, desfrutar do día, comer xuntos e vivir a carreira con calma. É unha das probas nas que máis cariño notas”.

Un cariño que percibe nos detalles, no trato próximo e nun percorrido que define como fermoso: “están pendentes de que esteamos cómodos, ver ao pobo volcado con toda a carreira, o cariño co que fan todo e queren que esteas contento e feliz. A diferenza sempre a marca iso, ademais do percorrido que é fermoso. O que nos fai repetir cada ano é ver o cariño co que se fan as cousas”.

Para Andrea, muller dun dos participantes na carreira absoluta e nai de dous pequenos corredores “o Cross é moito máis que unha carreira, é un encontro familiar que permite

participar aos máis cativos, o que supón toda unha emoción para eles, e ademais, en ocasións, desfrutan de ver correr a algún dos seus proxenitores, algo que para eles é a caña”.

Ademais, tal e como fai fincapé Andrea, “todo é bonito ese día, ver aos nenos emocionadísimos participando e gañando a súa medalla, que eles vexan aos seus papás/mamás correr e, o mellor de todo, desfrutar desa merendola todos xuntos”.

Un regreso á infancia

Entre as voces participantes tamén está a dunha antiga alumna da escola de Visantoña, Susana, que vive esta edición con especial emoción: “para min o Cross de Santiso é unha volta á miña infancia, aos recordos da miña época de alumna da escola de Visantoña na que se comezou a organizar esta carreira hai 40 anos e vólcome a contaxiar desa ilusión e esas gañas coa que se vivían xa as súas primeiras edicións”.

Unha festa que

transforma a aldea e xera encontros: “non me podo perder esta cita deportiva sobre todo porque é unha gran festa e para min é unha gran alegría ver como a nosa aldea se enche de xente dos lugares máis sorprendentes e que desfrutan do deporte, da nosa natureza, das nosas paisaxes e da nosa hospitalidade, que nunca falta, todo nun ambiente de amizade, de compañeirismo e, en moitas ocasións, de reencontros”.

Un aniversario para compartir

Con motivo do 40 aniversario, a organización prepara a exposición “40 anos correndo”, un chamamento á memoria colectiva no que se solicita a colaboración da veciñanza para recompilar fotografías, dorsais, trofeos ou lembranzas das primeiras edicións. Todo ese material poderá verse o propio día da carreira.

Para rematar, non hai que deixar de mencionar unha das partes máis importantes do Cross e que fan posible que este gran evento deportivo sexa posible e teña tanto éxito entre maiores e pequenos, as persoas voluntarias. Esa xente que dende semanas antes ao día do Cross xa van marcar os camiños, os que falan cos patrocinadores e colaboradores (dado que este tipo de eventos teñen tamén un custe económico que hai que sufragar) e os que dun ou outro xeito colaboran na organización desta xornada que une a familias, fomenta a práctica do deporte dende idades temperás e fai que Visantoña en concreto e Santiso en xeral, teñan un lugar sinalado no mapa.

Longa vida ao Cross de Santiso e moitos parabéns, especialmente, á organización e tamén aos participantes.

Festival Lingua Folk: once anos sementando en galego música, literatura e comunidade dende e para o concello de Toques

Hai festivais que nacen con grandes orzamentos, campañas de comunicación e estruturas profesionais detrás, e hai outros que xorden como xorden as mellores ideas: nun bar, entre veciños e veciñas nunha conversa na que xorde unha pregunta, “a ver, que podemos facer en Toques?” lembra a organizadora do Festival Lingua Folk, Marina Corral.

Esta iniciativa que comezou de xeito case espontáneo celebra este ano a súa 11ª edición convertido nun dos encontros culturais máis esperados pola veciñanza de Toques e a comarca da Terra de Melide.

Aquel primeiro impulso, case improvisado, tiña unha intención clara: poñer en valor a música tradicional, a cultura e o patrimonio de Toques, un concello pequeno pero cunha riqueza enorme en grupos, tradición oral e vida comunitaria. “Daquela non había tantas foliadas como agora, polo que pensamos que sería chulo facer unha festa arredor da música tradicional e a literatura galega”, explica Marina.

Un festival que medra sen perder a súa identidade

O Lingua Folk non é un macroevento nin quere selo, “é un festival feito en Toques, para Toques e desde Toques. Esa é a súa forza, a proximidade, o talento local e a participación de grupos que forman parte da vida da veciñanza”, fai fincapé a organizadora.

En canto aos grupos que actuarán nesta edición do Lingua Folk “os que máis ilusión me fai anunciar, porque son a esencia do Festival”, estes son: Os da Taberna, Larpeiros de Altamira, Os Trisqueiros, Gaiteiros O Balado, Pozo Pequeno, Pedra Mallada,



Asistentes ao Festival Lingua Folk do ano pasado desfrutando da actuación dos dos grupos. / Foto: Marina Corral

Bingo Birón, Vide Preto “e, aínda que este ano non van poder estar non podo deixar de mencionar a Froito Novo que tamén é parte esencial desta iniciativa”. Estas formacións representan a diversidade e riqueza musical da zona. “Para min eles son o corazón do Lingua Folk”, afirma Marina.

A música galega como fio e a literatura como base

Que o nome do festival sexa Lingua Folk non é mera casualidade, dado que xorde da vontade de unir música e literatura, de aí o motivo de celebralo durante a fin de semana máis próxima á celebración das Letras Galegas. “A literatura é un pouco máis complicada de incluír neste tipo de eventos pero, aínda así, cada ano intentamos meter un pequeno detalle ou xesto literario: unha lectura, unha referencia, unha actividade sinxela que lles faga quedarse cun-

ha autora ou unha cita, con iso xa me conformo”, indica a organizadora do Festival.

Novidade: entra o rap en galego no Lingua Folk

A edición deste ano chega cunha novidade, unha aposta arriscada pero moi pensada, a incorporación ao cartel dun rapeiro galego en auxe, el é de Lalín e o seu nome artístico é Aprendiz. Un artista que está tendo gran éxito entre a mocidade universitaria. “É unha aposta diferente pero tamén unha actuación en galego. O rap de feito, para min é poesía, ao final está moi ligado coa literatura. Ademais, páreceme unha boa oportunidade para que as persoas que asistan ao Festival poidan coñecer outros estilos de música en galego”, explica Marina. Esta actuación promete ser un dos grandes momentos do evento.

Xunto con Aprendiz actuarán tamén o grupo Co-

mando Curuxás, ao mediodía, e Ardentía, ao serán, completando un cartel que combina tradición, innovación e identidade.

Un festival pensado para todas as idades

Se algo caracteriza o Lingua Folk é ser unha actividade para todas as idades, no que desfrutan tanto pequenos e pequenas como maiores. “Non só é un festival, é un día de reencontros e facer comunidade”, afirman dende a organización.

Dentro das actividades para os máis pequenos temos “os inchables, que sempre triunfan”, pero tamén temos algúns postos de flocos de millo ou chuches, así como obradoiros. Esta parte do Lingua Folk faino máis atractivo para as nenas e nenos.

Logo, se hai un momento que define o espírito do Festival é o xantar popular, no que por vinte euros todas as persoas que quei-

ran participar compartirán mesa nun ambiente agradable.

Este intre é tan importante que “a sobremesa xa procuro que sexa un pouco máis longa porque é cando a xente se ve, fala e ata canta”, conta Marina Corral. De feito, “hai unhas mulleres que xa che preguntan se teñen a súa mesa reservada con meses de antelación, intentamos que, ao igual que nas vodas, xuntar á xente para que todo o mundo estea cómoda”.

Ademais, o xantar é tamén un espazo interxeracional onde coinciden nenos, adolescentes, adultos e persoas maiores.

As entradas para o xantar comunitario poden conseguirse nos bares de Toques (Casa Alfonso, Casa Modesto e Bar Ánxeles) ou directamente no Concello.

Cando lle preguntamos a Marina pola evolución do Lingua Folk indica que “medra en participación, porque toda a xente que vén repite ao ano seguinte, os grupos tamén xa a teñen como unha data fixa, a veciñanza xa o ten en conta para acudir e reservan o día no calendario, isto é o que máis ilusión me fai”.

En definitiva, este 16 de maio o souto de detrás da Aula da Natureza de Toques (un lugar natural con gran encanto) volverá acoller un Festival que pon en valor a nosa lingua e música nunha evento “pequeno, feito con moito cariño, con música en galego, actividades para todas as idades e un gran ambiente”, fan fincapé dende a organización. Ademais, dende o Concello animan a toda a xente da comarca e arredores a que se animen a acudir ao Lingua Folk porque “seguro que lles gusta e van querer repetir. Esperamos que tamén o tempo acompañe pero senón temos preparada a carpa”.

DIRECTIVA DA ANPA DO CEIP PLURILINGÜE PALAS DE REI

“Expoñer no Museo da Terra de Melide fai que os nenos e nenas sintan que o seu traballo importa e motívaos”

Falamos con Laura, Andrea e Paula (integrantes da directiva da ANPA do CEIP Plurilingüe Palas de Rei) sobre a exposición das obras do alumnado no museo, o valor das actividades extraescolares e o traballo que realizan as asociacións de nais e pais para enriquecer a vida educativa dos centros.

- **Que vai atopar o público nesta exposición dos nenos e nenas da escola de Palas de Rei?**

- **Laura:** Vai atopar unha exposición moi especial. Non é un debuxo académico nin algo pechado nun estilo concreto, senón unha mestura de expresións, formas e cores. É un traballo que encaixa perfectamente nun espazo como é o Museo da Terra de Melide.

- **É a primeira vez que o alumnado participa nunha experiencia así?**

- **Andrea:** Si, para todos é primeira vez. Non así, no que respecta ás clases de pintura e outras actividades extraescolares que ofertamos dende a ANPA, dado que hai nenos e nenas que levan bastante tempo indo, algúns arredor de cinco anos e outros incluso dende Infantil, pero tamén os hai que empezaron este ano.

- **Na actividade de pintura imaxino que haberá nenas e nenos de diversas idades, isto védelo como unha vantaxe?**

- **Paula:** Totalmente, ao haber nenos e nenas de diferentes idades enriquece moito a actividade. Hai alumnado desde Infantil ata Primaria, e esa convivencia é moi positiva para eles porque, de feito, a profesora fomenta moito que os máis maiores lles axuden aos pequenos e así tamén comparten espazo e tempo con xente coa que non teñen tanto roce durante as clases.

- **Polo tanto, tamén é un xeito de favorecer a convivencia no centro educativo.**

- **Laura:** Sen dúbida. Ao final comparten un espazo fóra das aulas ordinarias, no que poden desenvolver a súa creatividade e sen a



Eva Mera dando clase de pintura no CEIP de Palas co seu alumnado. / Foto: ANPA CEIP Plurilingüe Palas de Rei

presión das notas ou dos exames, polo que se crean vínculos diferentes entre eles e elas.

- **Que valoración facedes como nais e pais de que os traballos se expoñan no Museo?**

- **Andrea:** Parécenos unha iniciativa marabillosa. Para os nenos é un incentivo enorme: senten que o seu traballo importa, que ten valor e que vai ser visto por máis xente. Están todos moi ilusionados por expoñer aquí en Melide.

- **Como viven eles esta experiencia?**

- **Paula:** Teñen nervios, emoción e sobre todo moita ilusión porque saben que o traballo que fan na clase vai ser exposto nun lugar no que o pode ver moita xente e de fóra de Melide e Palas. De feito, hai nenos e nenas que xa están avisando aos seus amigos e familia de que teñen que vir ver a súa exposición. Ademais, cada

un firma os seus cadros, polo que van estar todas as obras identificadas.

- **E sabedes algún detalle do que imos ver nesta exposición?**

- **Laura:** Non temos moita información porque queren que sexa unha sorpresa tamén para nós, polo que nos din só o xusto e necesario.

- **As familias tamén van participar na montaxe da exposición?**

- **Paula:** Si, en todo o que poida nós imos colaborar na montaxe da exposición. Estamos á espera das instrucións que nos dea a profe. Tamén é importante os nenos e nenas vexan todo o proceso de montar a exposición e non só de crear as obras.

- **Notades que estas clases de pintura poden ser unha ferramenta coa que xestionar as súas emocións?**

- **Andrea:** Depende do

nenos ou da nena, hai algúns aos que si lles axuda a estar máis tranquilos ou concentrados. Non obstante, á gran maioría dos pequenos gústalles debuxar e pintar.

- **Que importancia teñen as actividades extraescolares no día a día do centro educativo?**

- **Paula:** Son fundamentais porque complementan a rutina da escola e ofrecen outras vías de aprendizaxe, algo moi importante nunha vila pequena como é Palas na que só hai estas actividades que organiza á ANPA, senón terían que vir a Melide. Por iso, intentamos ofrecer unha serie de actividades variada con clases máis artísticas como a de pintura e a de música ou deportivas como baloncesto ou ximnasia rítmica.

A maiores, as extraescolares tamén son unha maneira de facilitar a conciliación das familias.

- **Nunha escola peque-**

na manter tanta oferta de actividades non debe ser sinxelo.

- **Laura:** Non o é porque hai limitacións de espazo, loxísticas e de recursos. Non obstante, estamos seguras de que o esforzo por mantelas merece a pena. Ofrecer estas alternativas dentro do propio centro educativo evita desprazamentos e facilita que máis familias poidan acceder a este recurso.

- **Como é o traballo da ANPA para facer posible todas estas actividades?**

- **Andrea:** É un traballo constante e totalmente altruísta. Hai que coordinar o profesorado, horarios, inscricións, cambios... porque todos os meses hai altas e baixas nas actividades. É un labor que dá moito traballo pero tamén é algo moi satisfactorio.

- **Cres que a xente é consciente do labor que fan as ANPAs?**

- **Paula:** Moitas veces non porque é algo que só se ve cando estás dentro da ANPA e traballando activamente. Non só nos dedicamos a organizar actividades, tamén pedimos subvencións, representamos ás familias, apoiamos outros proxectos do centro, colaboramos en iniciativas educativas...

- **Bótase en falta máis apoio por parte das administracións?**

- **Laura:** Si, especialmente a nivel económico e na axilidade de recibir as axudas. En maio do ano pasado concedéronnos unha subvención para unhas actividades e aínda estamos esperando a que nola ingresen. Todo o que facemos vai destinado aos nenos e nenas, e canto máis apoio teñamos, máis actividades e proxectos poderemos facer.

ÁNGELES LÓPEZ, AUTORA DE “MI VIDA CON PCI”

“A vida non se acaba nunha cadeira de rodas: vai moito máis alá”

Ángeles López presenta o seu novo libro, “*Mi vida con PCI*”, unha obra de carácter autobiográfico coa que busca orientar a familias, profesorado e sociedade en xeral sobre a parálise cerebral infantil e, sobre todo, transmitir unha mensaxe de vida: comprenderse, aceptarse e acompañar. Nesta entrevista fala do apoio da súa familia, do papel decisivo de Edi (unha das súas mestras durante a época do IES) e do poder que teñen as palabras (para curar ou para ferir).

- Que che levou a escribir este novo libro?

- Ángeles López: Anímome moito a miña familia. A idea naceu co afán de axudar e orientar un pouco a pais e nais que se poñan atopar cunha situación coma a que viviron os meus.

- Cal é a mensaxe principal do libro?

- A.L.: Que a vida non se acaba nunha cadeira de rodas. Vai moito máis alá. Gustaríame chegar a todo o mundo: familias, persoas que se senten perdidas e tamén profesorado que ás veces non sabe como acompañar. O meu obxectivo é orientar e demostrar que se pode vivir con plenitude con parálise cerebral.

- Por que sentiches que era o momento axeitado para publicar esta obra?

- A.L.: Porque estou nun momento no que teño moi interiorizada e coñezo amplamente a miña parálise cerebral. Teño baixóns, como calquera persoa, pero agora vexo a cadeira de rodas e a parálise como amigas, non como inimigas. Ao principio é o máis difícil: verte nesta situación, pero co tempo entendes o que che pasou, aceptas as circunstancias e podes vivir doutra maneira.

- Nese proceso de aceptación mencionas unha



Ángeles López co seu novo libro “*Mi vida con PCI*”, que presentará en Visantoña o 23 de maio. / Foto: Ángeles López

persoa importante: Edi. Que significou ela para ti?

- A.L.: É unha profesora de apoio que tiven no instituto e, actualmente, é tamén unha gran amiga. Edi estudou a miña parálise cerebral a fondo e axudoume, pouco a pouco, a comprender o que pasaba dentro do meu cerebro: a espasticidade, a tensión muscular, o por que a min hai cousas que me costan máis (como, por exemplo, as matemáticas). Aprendín que para aceptarte e sentirte cómoda contigo mesma tes que entender o que che pasa. Grazas a Edi e a miña familia aprendín a coñecerme mellor e, polo conseguinte, a ter outra perspectiva da miña vida.

- Como te marcou a parálise cerebral á hora de construír a túa personalidade?

- A.L.: Ensinoume a valorar o pequeno. Eu dou moita importancia ás cousas simples como ler, debuxar ou estar coa miña familia.

vida vese doutra maneira cando tes barreiras que outras persoas non atopan, por exemplo, os chanzos que hai na entrada dun bar, dado que se non hai unha rampla que non vou poder estar nese establecemento a tomar un café. Desá barreira arquitectónica só eres consciente cando tes mobilidade reducida. Isto fai que mires o mundo dunha maneira diferente, con máis consciencia e que agradezas moito máis.

- Falas moito da importancia do acompañamento. Por que é un factor fundamental para ti?

- A.L.: Porque acompañar é unha boa parte da miña terapia. A min axúdame falar coa miña nai, co meu afillado, con miña irmá, coas amigas e cos amigos, coa xente que me quere e quero. E eu tamén intento acompañar, polas redes sociais coñezo a xente que non está pasando polo seu mellor momento, por mor da súa

discapacidade e eu fálolles por privado para contarlles a miña visión e acompañalos. Facer isto a min gústame moito e, como che dicía antes, forma parte da miña propia terapia. Un dos motivos polos que naceu este libro “*Mi vida con PCI*” é para acompañar a outras persoas.

- Que prexuízos che gustaría desmontar sobre a parálise cerebral?

- A.L.: O tema de “pobriña”. Hai, incluso, profesionais que traballan con nós que non entenden que hai algúns comportamentos que, pola nosa parálise cerebral, nos costa máis. Non quero dicir que isto sexa por falta de información, dado que agora todas as persoas que queren estar informadas teñen medios para estalo. Falta comprensión ou, mellor dito, empatía. Eu pediríalle a toda a xente que non entende algunha das nosas conductas ou comportamentos non se limiten a xulgarnos e falarnos mal

ou con desprezo, porque as palabras poden facer moito dano.

- Ás veces, non somos conscientes do poder das palabras.

- A.L.: Totalmente. Ao igual que unha palabra bonita che pode alegrar o día, unha fóra de lugar pode ferirte moitísimo. A min salvoume moitas veces o cariño: as coidadoras que entran cun sorriso, un abrazo, cando falo con miña nai ou miña irmá... iso é mellor ca calquera medicina.

- Como foi o proceso de escritura?

-A.L.: Si, escribo todos os días porque é a miña terapia, axúdame moito. Iso si, agora aprendín a entender o meu cerebro e doulle o seu espazo, non o forzo a escribir cando non quere. Ademais, atopei unha nova aplicación que grava un vídeo e che transcribe o que dis a texto, o que me facilita moito o proceso porque tamén poden usar eses vídeos para as redes sociais.

- Xa tes data e lugar para a presentación de “Mi vida con PCI”?

- A.L.: Si, o 23 de maio ás 17.00 horas, en Visantoña na Casa da Cultura, que é o local situado ao lado da piscina. A entrada é libre para todas as persoas que queiran achegarse ata alí. Ese día tamén poderán comprar o libro.

- Para rematar, que lle dirías a unha persoa nova con parálise cerebral que sente que o seu camiño está cheo de límites?

- A.L.: Que se apoie na familia e nos seus amigos e amigas. E tamén lle diría: que lea o meu libro e que, se o precisa, que me escriba. De feito, puxen as miñas redes sociais na cuberta precisamente para iso. As persoas que o necesiten pódennos falar e eu acompañareinos encantada.

Campaña renta 2025

OBRIGA DE DECLARAR POLO I.R.P.F.: persoas físicas con residencia habitual en España, coas rendas que se sinalan:

a) Rendementos íntegros do traballo cos seguintes límites:

1.- 22.000€ anuais, se proceden dun único pagador ou de varios pagadores cando:

-A suma das percepcións do segundo e restantes pagadores non superen en conxunto 1.500€ anuais.

-Os únicos rendementos do traballo consistan en pensións da S.S. e demais prestacións pasivas e que a determinación do tipo de retención aplicable se realizase segundo a normativa.

2.- 15.876€ anuais cando:

-Procedan de máis de un pagador, e o segundo e restantes pagadores superen os 1.500€ anuais.

-Se perciben pensións compensatorias do cónxuxe ou anualidades por alimentos, salvo que procedan dos pais por decisión xudicial.

-Se o pagador dos rendementos non está obrigado a reter.

-Se perciben rendementos íntegros do traballo suxeitos a tipo fixo de retención.

b) Rendementos íntegros do capital mobiliario e ganancias patrimoniais suxeitas a retención ou ingreso a conta cando superen os 1.600€ anuais.

c) Rendas inmobiliarias imputadas que procedan da titularidade de inmobles, rendementos íntegros de letras do tesouro e subvencións para a adquisición de vivenda de protección oficial co límite de 1.000€ anuais.

PRAZO: dende o 8 de abril ao 30 de xuño de 2026. Se a renda resulta a pagar e se quere domiciliar ese importe, o prazo remata o día 25 de xuño. Cando a declaración saia con resultado a ingresar poderase fraccionar en dous prazos: o 60% da cota ingresarase como data límite o 30 de Xuño e o 40% restante o 5 de novembro de 2026.

IMPORTANTE:

-Nova dedución autonómica pola adquisición de material escolar (cadernos, libros de lectura, dicionarios, material de debuxo, manualidades e escritura, mochilas, estoxos, calculadoras e material escolar deportivo). Exclúense dispositivos electrónicos, uniformes, servizos de comedor, transporte escolar e actividades extraescolares. O límite máximo de gasto por ano é de 300 euros en total, estando limitado o material deportivo a un máximo de 150 euros. Será necesario para xustificar estes gastos factura con pago bancario agás para o exercicio 2025 que se admite pago en efectivo.

CC Xestión

O TRADICIONAL QUEIXO GALEGO

Queixo Arzúa-Ulloa

Suave. Cremoso. Nutritivo



Prioridade 3, medida 3.2



Certificado pola Denominación de Orixe Protexida

XUNTA DE GALICIA

FEADER
Europa inviste no rural

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

@ArzuaUlloaDOP

@arzuaulloadop

queixo@arzua-ulloa.org

Tfno.: 981 50 76 53

PILAR VARELA, LIBRERÍA VICTORIO

“A min o que máis me gusta de ter un comercio local tratar coa miña clientela que é marabillosa”



Pilar Varela, responsable de Librería Victorio, nun dos mostradores da súa tenda onde está o apartado de lambetadas e diversos produtos de papelería. / Foto: Cerne

- **Para comezar que se pode atopar en Librería Vitorio?**

- **Pilar Varela:** Pois aquí véndese de todo. Temos artigos de papelería, xoguetería, librería, gominolas... un pouco de todo. Intentamos cubrir moitas necesidades distintas da nosa clientela.

- **Como dirías que evolucionou o negocio desde que o colliches?**

- **P.V:** As modas cambian moito, para ben ou para mal. Pero eu diría que a librería foi evolucionando pouco a pouco, e en xeral para ben.

- **Cales son os produtos que máis demanda a clientela?**

- **P.V:** En librería véndese todo o ano. Tamén gustan moito as novidades, e a min encántame traer cousas novas que lle poidan interesar á clientela. Na época de Nadal e dos Reis Magos aumenta a demanda significativamente, especialmente

para facer agasallos. E no día a día vendemos moito bolígrafo, carpeta, libreta... sempre tentando estar actualizadas co que se leva ese ano.

- **E que tipo de libros e xoguetes che piden máis?**

- **P.V:** En libros, moito libro de peto. Temos sección infantil, xuvenil e adultos, e sempre procuramos ter a última novidade. En xoguetería, un pouco de todo: para aniversarios buscan cousas máis económicas e en Reis Magos ou Papá Noel xa se estira máis o peto, segundo o que pidan.

- **Tamén facedes cousas moi chulas coas gominolas. En que consisten?**

- **P.V:** Non é que sexa unha experta, pero intento facer algo distinto. Non vender só o paquete de lambetadas de sempre, senón preparar tartas ou detalles para aniversarios. Fágoo o mellor

que podo e intento mellorar sempre para darlle á clientela o mellor servizo posible, dentro das miñas posibilidades.

- **A clientela déixase asesorar por ti ou vén xa coa idea moi clara?**

- **P.V:** Hai un pouco de todo. Dende persoas que veñen cunha idea fixa do que queren ou necesitan e eu limítome a venderlles iso, ata xente che pide orientación e consellos. De todas maneiras, a verdade é que teño unha clientela marabillosa que dá gusto atender.

- **Como evoluciona o tema da prensa e das revistas en papel?**

- **P.V:** Iso decaeu bastante. Co tema de Internet, a xente mira todo no móbil e pasa de ler en soporte físico. Aínda así, sempre quedan esas persoas, pouquiñas xa, fieis ao xornal e ás revistas en papel que veñen compralas todas as semanas ou todos os días. Non obstante, a

tendencia é a que cada vez menos xente compre estes artigos en papel.

- **Como é a túa relación coa clientela?**

- **P.V:** Marabillosa. Ademais, grazas a Deus, por labia non é. Gústame tratar directamente coa xente, se hai que contar un conto, cóntase; e se hai que vender algo, véndese. Estamos para escoitar e para o que faga falta.

- **Cales son as maiores dificultades do día a día na librería?**

- **P.V:** Para min, todo o relacionado con páxinas web, Internet e ese mundo. Eu son máis de coller papel e boli para anotar e facer todo. Non nacín nesta época tan tecnolóxica, polo que me custa moito máis desenvolverme cos aparellos tecnolóxicos, pero con axuda vou saíndo adiante.

- **Imaxino que os momentos de maior vendas serán o inicio do curso**

escolar e a época do Nadal.

- **P.V:** Si. No inicio do curso véndese moitísimos artigos de papelería (libretas, bolígrafos, rotuladores, pinturas, carpetas...).

- **E no Nadal é máis regalos, xoguetería ou libros. E como xestionas toda a cantidade de pedidos e encargos do inicio de curso escolar?**


- **P.V:** Pois como che dicía, basicamente con papel e boli. Apunto o cliente e o que me pide para encargallo aos provedores e telo aquí no menor tempo posible. Logo, están os cheques da Xunta para material, que tamén os xestionamos cando nolos traen as familias para que o gasten no que precisen.

Librería Victorio
Rúa Taboada Roca, 1
15800, Melide
Tif: 981 50 50 55



CAMPAÑA DE DETECCIÓN PRECOZ DE LA PÉRDIDA AUDITIVA

**NUESTRA MISIÓN EMPRESARIAL ES HACER SU VIDA
MÁS SENCILLA CON UNA SOLUCIÓN BRILLANTE**



Se colocan totalmente dentro del oído, prácticamente invisible.

No solo es un excelente audífono, es una verdadera solución multifuncional.

- ✓ **Sonido claro y variado.**
- ✓ **Conexión a teléfonos inteligentes, TV y más**

✓ **Tecnología recargable** (olvídense de las pilas), se cargan rápidamente y ofrecen un día completo de audición.

✓ **Se activan automáticamente** al retirarse del cargador y se desactivan cuando se vuelven a colocar.

PRUÉBELOS ¡UN MES GRATIS! EN CASA

Y PÁGUELOS CÓMODAMENTE EN PLAZOS DE 3, 6, 12 Ó 36 MESES

Solicite **UNA CITA** en nuestro Centro Auditivo para realizarle un completo examen auditivo, **sin coste para usted**



E-15-001359

INSTITUTO DE LA SORDERA S.L.
Ronda da Coruña, 34
15800 Melide - A Coruña
Tel.: 981 50 72 87
648 75 47 61

Pedir hora

